

## VIII Concurso de Relatos Ilustrados

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega convoca a **VIII edición do Concurso de Relatos Ilustrados**, que esta vez estará dedicado a **Ricardo Carvalho Calero**.

Establécense **7 categorías** de participación:

- I.** Educación Infantil
- II.** 1º ciclo de Educación Primaria
- III.** 2º ciclo de Educación Primaria
- IV.** 3º ciclo de Educación Primaria
- V.** 1º ciclo de Educación Secundaria
- VI.** 2º ciclo de Educación Secundaria
- VII.** Aulas de apoio

**1.** Os proxectos (**ilustración/composición plástica baseada nun fragmento dun relato de Carvalho Calero**), cuxo formato será libremente elixido polo alumnado, deberán incluír (alomenos en parte) o fragmento no que se basean e ser orixinais e inéditos.

**2.** Para participar debe enviarse unha fotografía ou escaneado dos traballos participantes antes do mércores 9 de decembro á dirección de correo [edglestonnac@gmail.com](mailto:edglestonnac@gmail.com).

**3.** No envío deberán figurar o nome, apelidos e curso do/a autor/a.

**4.** O xurado, composto polos membros do EDLG, valorará os traballos presentados, decidindo un único gañador en cada unha das categorías.

**5.** O anuncio da **resolución e a entrega de premios** terá lugar antes do período vacacional de Nadal.

**6.** Os traballos presentados serán **expostos no blog do EDLG** ([xavedes.wordpress.com](http://xavedes.wordpress.com)), que se reserva o dereito de publicación dos traballos presentados.

**7.** A participación neste concurso significa a plena aceptación destas bases, así como da resolución do xurado.

*Equipo de Dinamización da Lingua Galega*